



MARÍA TRINIDAD RODRÍGUEZ SUÁREZ, SECRETARIA DO CONCELLO DE PONTECESURES

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local deste Concello, na Sesión Extraordinaria celebrada o día 1 de agosto de 2013, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“2º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DA “ESCOLA INFANTIL 0-3 MUNICIPAL DE PONTECESURES”.- ADXUDICACION.

Á vista do expediente para contratación do servizo da “escola infantil 0-3 municipal de Pontecesures”, mediante procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación, da proposta da Mesa de contratación, pola que de conformidade cos Pregos de Cláusulas Administrativas, propón como adxudicataria á “Fundación de Estudos e Análises (FESAN)”, ao obter a puntuación final máis alta, logo da suma da puntuación dos sobres “B” e “C”, e da dilixencia de Secretaría sobre a presentación da documentación e garantía definitiva de conformidade co disposto no artigo 151.2 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos tres membros asistentes, ACORDA:

PRIMEIRO: Adxudicar o contrato do servizo da “escola infantil 0-3 municipal de Pontecesures”, á Fundación de Estudos e Análises (FESAN), por obter no seu conxunto a mellor baremación nos criterios dependentes dun xuízo de valor dos sobres “B”, atendidas comparativamente as ofertas das catro empresas presentadas e as melloras ofertadas, e presentar o mellor prezo: Fundación de Estudos e Análises (FESAN) 152.800 € ano, Ana Naya García, S.L., 154.400 € ano, Eulen Servizos Sociosanitarios, S.A., 159.000 € ano e Clece, S.A 155.000 € ano, dando como resultado unha puntuación final de 94, 68,48, 71,05 e 78,29 puntos, respectivamente.

SEGUNDO: Que se requira ó adxudicatario para a formalización do contrato unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles dende a remisión da notificación do presente acordo, de conformidade e coas condicións previstas no artigo 156.3 do R.D.Lei 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.””

E para que conste, ós efectos oportunos, e sen prexuízo do que se dispoña ó aprobar o borrador da Acta, expido a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde en funcións, en Pontecesures a cinco de agosto de dous mil trece.

Vº e Prace
O alcalde en funcións



Asdo.: Ángel-Manuel Souto Cordo

